sara plaza
baldo ramos

calixe

este libro, *calixe*, xunto con outro, *porcelana e chumbo*, actualmente no prelo de espiral maior, naceron dun mesmo impulso creativo e fan parte dun proxecto unitario que fusiona dúas diccións diferentes, aínda que moi próximas, na mesma voz

calixe
sara plaza-baldo ramos

fotografías: sara plaza
caligrafía do colofón: baldo ramos

isbn: 978-84-127295-2-8
DL: C-1409-2026

edicion@obidueiro.gal

palabras que leva o río que se ramifica
no padal que pronuncia o teu silencio

como follas de tinta nas que transcribes
un pensamento
que se desprende da árbore da linguaxe

a man sobre o pómulo
salva a distancia que borra
a pegada das formas sen luz

a sedela rompe
no envés dunha lágrima

rompe co silencio

dende o limiar do bosque
chama por nós a claridade

recoñecemos o arrepío

a ausencia que nos cingue

o camiño da perda

saber esperar sen esperanza

resignarse a que o tempo dite
a derradeira palabra do poema inconcluso

aceptar a desaparición como quen esquece
o camiño de volta

a cegueira foi medrando en nós
como unha árbore enxertada
no interior da retina

a capsula foi medraada ao dedo
cabo vidro dobre adelgada
ao interior da retina

este libro imprimiuse no obradoiro de
sacauntos cooperativa gráfica
en santiago de compostela
en setembro de 2026

